



O Consello Galego da Competencia incoa expediente sancionador contra os COLEXIOS PROFESIONAIS DE FARMACÉUTICOS de A CORUÑA, LUGO, OURENSE e PONTEVEDRA por posible prácticas restrictivas da competencia.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2011. A Subdirección Xeral de Investigación do Consello Galego da Competencia (CGC) incoou EXPEDIENTE SANCIONADOR contra os COLEXIOS PROFESIONAIS DE FARMACÉUTICOS de A CORUÑA, LUGO, OURENSE e PONTEVEDRA ante a existencia de indicios racionais da comisión de prácticas anticompetitivas prohibidas polo artigo 2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, suscitadas en relación coa implantación do modelo de receita electrónica en Galicia.

O presente expediente ten orixe nunha denuncia. O denunciante solicitou o tratamento confidencial da súa identidade, polo que o SGDC, en aplicación do disposto no artigo 42 da LDC, ordenou que se mantivera este dato como segredo.

A incoación do presente expediente non prexulga o resultado final da investigación. Ábrese agora un período máximo de 18 meses para a instrucción do expediente e para a súa resolución polo CGC.